


## EQUILIBRIOS DE SOLUBILIDADE

Problema 658: A solubilidade do hidróxido de manganeso(II) en auga é de 1,96 mg/L. Calcule:

1. O producto de solubilidade desta substancia e o pH da disolución saturada.
2. A solubilidade do hidróxido de manganeso(II) nunha disolución 0,10 M de hidróxido de sodio, considerando que este sal está totalmente disociada. ABAU-Xullo-2023

1)

$$M_m[Mn(OH)_2] = 54,94 + 2 \cdot 16 + 2 \cdot 1 = 88,94 \frac{g}{mol}$$




$$s = 1,96 \frac{mg}{L} \cdot \frac{1g}{1000mg} \cdot \frac{1mol}{88,94g} = 2,20 \cdot 10^{-5} M$$

$$K_s = [Mn^{2+}(aq)] \cdot [OH^-(aq)]^2 = s \cdot (2s)^2 = 4(2,20 \cdot 10^{-5})^3 = 4,26 \cdot 10^{-14}$$


$$pOH = -\log[OH^-] = -\log(2 \cdot 2,20 \cdot 10^{-5}) = 4,36$$

$$pH = 14 - pOH = 14 - 4,36 = 9,64$$

2)



A concentración de  $OH^-$  que achega o  $NaOH$  altera o equilibrio:



Ao engadir un ión común ao equilibrio este desprázase cara aos reactivos, para recuperar outra vez a situación de equilibrio. A solubilidade do sal diminúe e por tanto podemos desprezar  $2s$  fronte a 0,10.

$$K_s = [Mn^{2+}(aq)] \cdot [OH^-(aq)]^2 = s \cdot (0,10)^2 = 4,26 \cdot 10^{-14}$$

$$s = \frac{4,26 \cdot 10^{-14}}{0,01} = 4,26 \cdot 10^{-12} M$$

$$s = 4,26 \cdot 10^{-12} \frac{mol}{L} \cdot \frac{88,94g}{1mol} \cdot \frac{1000mg}{1g} = 3,79 \cdot 10^{-7} mg/L$$